



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes

Referencia: FO223 / 2025

Expediente convocatoria: 2024000034294

RESOLUCIÓN POLA QUE SE AVOCA A COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS E SE APROBAN AS BASES E A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS NA PROVINCIA DA CORUÑA NO ANO 2025 (FO223 / 2025)

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

ANTECEDENTES

Por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023, o Presidente delegou na Xunta de Goberno entre outras: "A aprobación das bases de subvencións, cuxa competencia corresponda inicialmente ao presidente".

Tendo en conta a data da convocatoria da próxima Xunta de Goberno e considerando a urxencia de aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións para o apoio ao desenvolvemento de festivais na provincia da Coruña no ano 2025 ", e vistos os informes do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, da Secretaría Xeral e do Servizo de Fiscalización e Control Financeiro,

RESOLVO:

Primeiro. Avocar a competencia que, con carácter xeral foi delegada por resolución número 29325, de 24 de xullo de 2023 na Xunta de Goberno, e considerando a urxencia da aprobación das Bases reguladoras do "Programa de subvencións para o apoio ao desenvolvemento de festivais na provincia da Coruña no ano 2025 ", que ven motivada pola necesidade de que as persoas destinatarias poidan facer as súas previsións respecto do obxecto da subvención neste programa para o exercicio 2025 coa suficiente antelación.

Segundo. Aprobar as Bases reguladoras do "Programa de subvencións para o apoio ao desenvolvemento de festivais na provincia da Coruña no ano 2025 ", que figuran no Anexo - Bases Reguladoras.

Terceiro. Dispoñer a publicación das bases deste programa no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto. Aprobar a convocatoria do Programa de subvencións para o apoio ao desenvolvemento de festivais na provincia da Coruña no ano 2025 , de conformidade coas bases reguladoras que figuran

no Anexo - Bases Reguladoras.

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 25 de marzo de 2025, e finalizará ás 14:00 horas do día 25 de abril de 2025, tendo en conta que, tanto as solicitudes como o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Quinto. Remitir esta resolución, así como o extracto da convocatoria conforme ao Anexo - Extracto da convocatoria, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), para a súa publicación a través do Sistema Nacional de Publicidad de Subvenciones y Ayudas Públicas, de conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

Sexto. Dar conta desta resolución á Xunta de Goberno.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.

ANEXO - BASES REGULADORAS

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE SUBVENCÍONS PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS NA PROVINCIA DA CORUÑA DURANTE O ANO 2025 (FO223/2025)

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección	Sección de Educación e Cultura
Anualidade	2025
Denominación	Programa de subvencións para o apoio ao desenvolvemento de festivais na provincia da Coruña no ano 2025
Beneficiarios	Serán beneficiarias as seguintes entidades organizadoras de festivais na provincia da Coruña: Modalidade A. Concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña Modalidade B. Entidades sen ánimo de lucro domiciliadas en Galicia Modalidade C. Persoas físicas ou xurídicas, constituídas como entidades lucrativas, establecidas nun estado membro da Unión Europea
Programa	FO223/2025
Aplicación orzamentaria	Modalidade A. 0612/3343/46201 Modalidade B. 0612/3343/481 Modalidade C. 0612/3343/479
Importe da convocatoria	Modalidade A. 580.000 € Modalidade B. 680.000 € Modalidade C. 150.000 € Estes importes poderán ser obxecto de modificación orzamentaria
Importe do orzamento de gastos	Como mínimo 10.000,00 €
Importe da subvención que se vai conceder	Mínimo 5.000 € Máximo en función da modalidade: Modalidade A. 60.000 € Modalidade B. 45.000 € Modalidade C. 30.000
Importe solicitado	Ata o 70 % do orzamento de gastos subvencionable
Coeficiente de financiamento	Ata o 0,70
Gasto anticipado	Non.

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destina importantes recursos á

actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas orientadas á promoción de actividades e investimentos, e mantemento de centros e servizos considerados de interese público, coa finalidade de contribuír a que as entidades da provincia acaden os obxectivos que lles son propios e de fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos de actuación e promover a igualdade de xénero.

1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 39048 do 1 de outubro de 2024 ([BOP número 190, mércores, 2 de outubro de 2024](#)).

2.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1. Réxime xurídico

O marco normativo polo que se rexerán as subvencións concedidas pola Deputación é o establecido nas bases xerais e na seguinte normativa específica:

- Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.
- Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas e se constitúe o Rexistro de Empresas e Establecementos.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da Deputación 2025-2027 aprobado polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 27 de setembro do 2024 o cal foi modificado por acordo da Xunta de Goberno en sesión do 7 de marzo de 2025 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan.

Base 2. Obxecto e finalidade

2.1 Obxecto

Será obxecto deste programa o apoio ao desenvolvemento de festivais na provincia da Coruña.

Para os efectos deste programa, entenderanse por festivais aqueles eventos culturais con

identificación e marca propia e recoñecible, programación diversa que aglutine diferentes propostas artísticas, organizado periodicamente, con data de celebración consolidada e orientada á consecución de públicos amplos ao redor dunha proposta de contidos coherente e definida. Esta liña de subvencións diríxese a apoiar economicamente este tipo de eventos, e non as programacións culturais municipais ou aquelas actividades culturais que se dan no marco de eventos gastronómicos, turísticos ou festivos. Poderán concorrer a esta convocatoria festivais que teñan acadado unha clara identidade propia como tal e que fagan parte dun evento de carácter económico ou turístico máis amplo.

A modo de exemplo, entendemos como festivais, o Festival de Ortigueira ou a Festa da Carballeira de Zas (música), o FIOT de Carballo ou a Mostra de Teatro de Cariño (artes escénicas) ou os festivais Curtocircuíto ou Chanfaina Lab (audiovisual).

2.1.1 Modalidades

O programa contempla tres modalidades, en función da tipoloxía de entidade solicitante.

As entidades solicitantes deberán indicar na súa petición a modalidade da que forman parte. A Sección de Cultura da Deputación procederá, caso de detectar escollos erróneas por parte das entidades, á súa corrección e adscrición á modalidade axeitada.

- Modalidade A. Concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña
- Modalidade B. Entidades sen ánimo de lucro domiciliadas en Galicia
- Modalidade C. Persoas físicas ou xurídicas, constituídas como entidades lucrativas, establecidas nun estado membro da Unión Europea

Os requisitos das entidades solicitantes desenvólvense na base 3.

2.1.2 Tipoloxías de festivais

Distínguense as seguintes tipoloxías de festivais subvencionables:

1. FESTIVAIS AUDIOVISUAIS

2. FESTIVAIS DE ARTES ESCÉNICAS E MUSICAIS

3. FESTIVAIS MIXTOS. Inclúiranse nesta modalidade aqueles festivais que inclúan unha diversidade de actividades (escénica, musical, audiovisual, literaria, patrimonial...) sen que ningunha delas sexa claramente predominante e defina o carácter do festival.

2.1.3 Requisitos

Os festivais teñen que cumprir, como mínimo, os requisitos seguintes:

- Os festivais deben ter un mínimo de 3 edicións xa realizadas con anterioridade á publicación desta convocatoria.

- Os festivais deben contar cun plan de sustentabilidade, vinculado aos obxectivos da Axenda 2030, que contemple medidas e accións no seguintes ámbitos:
 - ámbito social (medidas en favor da igualdade de xénero, da inclusión e da accesibilidade, emprego dunha comunicación inclusiva, non discriminatoria e comprometida coa normalización social da lingua galega)
 - ámbito medioambiental (medidas para reducir o volume de residuos xerados e a enerxía consumida, medidas para garantir o acceso gratuíto á auga potable, etc)
 - ámbito económico (colaboración con entidades e artistas locais, medición de indicadores económicos, de igualdade de xénero, de consumo enerxético, etc)
- No caso dos festivais audiovisuais, a programación contará cunha sección, como mínimo, para producións galegas en V.O.
- No caso dos festivais de música e/ou artes escénicas, do conxunto de artistas programados un 40% das bandas, grupos e/ou compañías deberán ser galegas.
- No caso de festivais de artes escénicas, o 50% das obras que utilicen a expresión oral deberán ser en lingua galega.
- No caso de festivais musicais, o 30% dos grupos que utilicen a expresión oral nas súas actuacións deberán ser en lingua galega.
- No caso de festivais mixtos, sobre o conxunto da programación artística do festival, estes deberán cumprir os seguintes requisitos para poder ter acceso a esta liña de subvencións:
 - cando menos o 50 % do total de artistas/bandas/compañías do festival deberán ser galegas.
 - cando menos o 50 % do total de artistas/bandas/compañías que participen no festival deben desenvolver en galego o seu espectáculo ou proposta artística.

Deberá acreditarse o cumprimento destes requisitos no trámite da xustificación, na memoria da actividade realizada.

O incumprimento dalgún destes requisitos levará parella a perda do dereito ao cobro da subvención concedida, salvo que a entidade acredite causas de forza maior.

2.2 Ámbito temporal

As actividades obxecto deste programa deben realizarse no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

Para xustificar os gastos que fosen realizados no final do período da convocatoria poderán admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que sexan expedidos ata o 16 de xaneiro de 2026.

2.3 Finalidade

A Deputación da Coruña convoca esta liña de subvencións como parte da súa política de apoio ás manifestacións artísticas, mediante o cofinanciamento dos festivais audiovisuais, musicais, escénicos, e mixtos.

O ámbito dos festivais é un dos campos que, no cuantitativo e no cualitativo, máis está a centrar as políticas de fomento da área de Cultura da Deputación da Coruña nos últimos anos, atendendo de forma específica a súa realidade, con liñas de subvencións específicas, criterios claros e transparentes e permanente diálogo coas entidades interlocutoras dos diferentes sectores.

Este apoio permitiu que, en nove anos, as cantidades económicas que reciben moitos dos festivais por parte da Deputación se duplicasen ou triplicasen, contribuíndo de forma clara á mellora da calidade das programacións e, sobre todo, á mellora das condicións sociolaborais e organizativas dos eventos subvencionados. Infelizmente esta aposta polo fomento da actividade cultural profesional -que no caso da Deputación da Coruña se puxo tamén en evidencia na Rede Cultural, recuperando e superando a partir de 2015 os niveis orzamentarios previos á crise de 2009- non foi unha aposta que estivese acompañada polo conxunto de axentes e administracións públicas locais e galegas.

No contexto actual, para esta Deputación poder manter o nivel de apoio que vén dando aos festivais de artes escénicas, cinema e música da provincia, o futuro esixe avanzar da man dos propios eventos na procura dunha maior estabilidade orzamentaria, dun maior equilibrio nas axudas recibidas por parte das diferentes administracións e dunha comprensión e asunción das problemáticas que presenta a propia evolución do sistema de festivais, que medraron en número e orzamentos nos últimos anos.

Lingua galega:

O Estatuto de Autonomía de Galicia, aprobado en 1981, puxo fin no plano legal á prohibición e discriminación padecida pola lingua galega durante a Ditadura franquista, dispoñendo no seu artigo 5º que:

1. A lingua propia de Galicia é o galego.
2. Os idiomas galego e castelán son oficiais en Galicia e todos teñen o dereito de os coñecer e de os usar.
3. Os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos da vida pública, cultural e informativa, e disporán os medios necesarios para facilitar o seu coñecemento.

Pola súa banda, a Lei de Normalización Lingüística, aprobada en 1983, sinala no seu artigo 4.1 que o galego, como lingua propia de Galicia, é a lingua oficial das institucións da comunidade autónoma, da súa administración, da Administración local e das entidades públicas dependentes da comunidade autónoma; no seu artigo 6.1, que os cidadáns teñen

dereito ao uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración pública no ámbito territorial da comunidade autónoma; no seu artigo 6.2, que as actuacións administrativas en Galicia serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada; no seu artigo 6.3, que os poderes públicos de Galicia promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns; e no artigo 10 que os topónimos de Galicia terán como única forma oficial a galega e que lle corresponde á Xunta de Galicia a determinación dos nomes oficiais dos topónimos de Galicia.

Finalmente, o artigo 7.1 da Lei 5/1997 da Administración local de Galicia especifica que o galego, como lingua propia de Galicia, tamén o é da súa Administración local. Ademais, detalla que as convocatorias de sesións, ordes do día, mocións, votos particulares, propostas de acordo, resolucións nas comisións informativas, actas, notificacións, recursos, escrituras públicas, comparecencias xudiciais e todos os actos de carácter público ou administrativo que se realicen por escrito en nome das corporacións locais se redactarán en lingua galega. Pola súa parte, desde o ano 2017 esta Deputación conta cunha Ordenanza de usos da lingua galega que define o marco lingüístico de funcionamento interno e os criterios que rexen neste aspecto.

A pesar do recollido no devandito marco legal, a evolución do contexto cultural e a carencia de políticas de apoio á lingua galega no plano social e educativo nas últimas décadas fai que, como sinalan todos os datos dos estudos científicos realizados ao respecto, a lingua galega continúe hoxe a vivir unha situación de evidente desigualdade social, e que a produción cultural, científica e comercial realizada en lingua galega atope grandes dificultades para se poder desenvolver en normalidade no noso propio país.

A Deputación convocante desta liña de subvencións e consciente desta realidade, considera que as administracións públicas galegas temos a obriga legal e o deber político de garantir que non se produzan discriminacións nin desigualdades, sexan estas da natureza que sexan, e dentro delas tampouco as que se dan nos usos lingüísticos. O ámbito público debe ser exemplar no seu esforzo e compromiso para facer posible en Galicia o que hoxe claramente non o é: poder vivir con normalidade en galego, en todos os campos da vida social, cultural e económica.

Para logralo, son fundamentais as políticas públicas que apoién claramente a diversidade cultural e garantan o dereito á produción e ao acceso cultural no noso idioma. Non existe liberdade de uso e de escolla lingüística se antes non houber garantía do coñecemento real das linguas e da posibilidade certa do seu uso en todos os ámbitos. Do mesmo xeito, non desenvolver políticas de apoio á lingua galega supón contribuír, por abandono activo de responsabilidade pública, á súa minoración social e á continuidade e agravamento da desigualdade hoxe existente.

Os eventos culturais e a Axenda 2030.

En setembro de 2015 a Asamblea Xeral da ONU adopta a Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sustentable, un plan de acción a favor das persoas, do planeta e da prosperidade, aprobada por 193 países e na que se recoñece que o maior desafío global é a erradicación da pobreza e, que sen acadalo, non pode haber desenvolvemento sustentable. A Axenda 2030 converte a década na que vivimos na década da acción e establece 17

Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) con 169 metas de carácter integrado e indivisible que abranguen os ámbitos económico, social e ambiental.

O alcance da Axenda 2030 require da transversalidade de políticas e estratexias, así como das alianzas público-privadas para a consecución de obxectivos. A responsabilidade das diferentes administracións públicas tradúcese no impulso de marcos normativos para a implementación da axenda, na mobilización de recursos e na posta en marcha de liñas de acción que impliquen á cidadanía no seu conxunto.

En 2018 o Estado español presenta o seu plan de acción perante a ONU tras crear un ano antes o Grupo de Alto Nivel para a Axenda 2030 (GAN), aprobando unha proposición non de lei a finais dese ano e promovendo en 2018 o Alto Comisionado para a Axenda 2030.

A administración autonómica galega crea en 2019, a través do DECRETO 142/2019, de 31 de outubro, a Comisión interdepartamental para o seguimento da Axenda 2030 en Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Así mesmo a Deputación da Coruña, no seu Plan Estratéxico de Subvencións, establece que na planificación da actuación de fomento provincial tamén deben estar presentes os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) incorporados á Axenda 2030.

A acción cultural é un factor imprescindible de desenvolvemento para a comunidade, polo seu carácter altamente transformador, creativo e innovador, pola súa contribución ao desenvolvemento das persoas e dos territorios, e pola súa apropiación e apoio respecto da Axenda 2030.

Como parte activa da cultura, as entidades, empresas, artistas, axentes culturais e públicos, están chamados a ter un papel central neste proceso. Os eventos culturais, nomeadamente os festivais, obxecto desta convocatoria, débúxanse como espazos privilexiados para a convivencia, a innovación social, a reflexión e os debates, e o exercicio colectivo da responsabilidade. Son ferramentas, máis se cabe no actual contexto de pandemia, con capacidade para transformar territorios, crear redes, promover talentos, experimentar procesos de innovación, impulsar a concienciación, e contribuír ao benestar comunitario.

O Programa das Nacións Unidas para o Medio Ambiente define un evento sustentable como aquel evento deseñado, organizado e desenvolvido de maneira que se minimicen os potenciais impactos negativos ambientais e que deixe un legado beneficioso para a comunidade anfitríoa e todos os axentes involucrados. Unha definición coa que se liga a organización de eventos coas tres dimensións da sustentabilidade: ambiental, social e económica.

Desde a Área de Cultura da Deputación da Coruña enténdese que o apoio ao sector cultural ten que articularse cada vez de maneira máis manifesta ao redor dos impactos positivos e do compromiso da acción cultural coa comunidade na que se desenvolve. As liñas de subvencións nesta área deben incorporar de maneira progresiva nos seus criterios de valoración os novos retos e esixencias vinculados aos intereses colectivos e ao enfoque do desenvolvemento sustentable, sen esquecer que isto implica formación, ferramentas e recursos.

No horizonte máis próximo semella unha tarefa ineludible á hora de deseñar os eventos culturais garantir a igualdade de xénero e o apoio á contorna local, obter un diagnóstico que

permita identificar os grupos de interese así como as barreiras que impiden a accesibilidade universal dos eventos ou a posta en marcha de procesos de xestión medioambiental. As políticas de fomento da área de Cultura da Deputación, como entidade cofinanciadora dos festivais, non deben cingirse só a unha función de esixencia senón tamén de diálogo, acompañamento e colaboración no proceso de consecución de eventos que sexan referentes no exercicio da responsabilidade co planeta, coa contorna e cos seus públicos.

Base 3. Solicitantes

3.1 Modalidades

O programa distingue tres modalidades de entidades solicitantes organizadoras dos festivais:

Modalidade A. Concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña

As entidades locais poderán presentar a súa solicitude individual ou conxuntamente, baixo calquera fórmula (agrupación, asociación, mancomunidade, fusión ou outra fórmula semellante), sempre que se acredite a realización conxunta do festival e non actuacións independentes en cada entidade.

Nos supostos de mancomunidades, consorcios ou áreas metropolitanas non poderá tratarse dunha actuación illada ou independente e deberá prestarse de xeito consorciado ou mancomunado.

Os concellos poderán presentar ata dúas solicitudes nesta convocatoria, debendo presentar unha solicitude independente por cada festival.

Modalidade B. Entidades sen ánimo de lucro domiciliadas en Galicia

No caso das Fundacións, quedan excluídas as Fundacións con sede na provincia da Coruña que teñan a consideración de medios propios e instrumentais da administración autonómica ou estatal.

As cooperativas que sexan cualificadas como sen ánimo de lucro deberán solicitar subvención nesta modalidade.

Modalidade C. Persoas físicas ou xurídicas, constituídas como entidades lucrativas, establecidas nun estado membro da Unión Europea

As cooperativas que sexan cualificadas como con ánimo de lucro deberán solicitar

subvención nesta modalidade.

Os solicitantes nesta modalidade terán que cumprir os seguintes requisitos e obrigas:

- 1.- Para as persoas físicas, teren iniciado unha actividade económica coa súa correspondente alta no Réxime Especial de traballadores Autónomos ou en aquel que legalmente ou estatutariamente lle corresponda, con data de alta anterior á data de presentación da solicitude de subvención.
- 2.- Para as persoas xurídicas, estaren legalmente constituídas antes de presentaren a solicitude.
- 3.- As persoas solicitantes deberán estar dadas de alta nalgún dos seguintes epígrafes segundo o imposto de actividades económicas con data de alta anterior á data de presentación da solicitude de subvención:

ACTIVIDADES EMPRESARIAIS:

GRUPO 965. ESPECTÁCULOS (EXCEPTO CINE E DEPORTES).

Epígrafe 965.1.- Espectáculos en salas e locais (agás espectáculos taurinos).

Epígrafe 965.2.- Espectáculos ao aire libre (agás espectáculos taurinos).

Epígrafe 965.3.- Espectáculos fora de establecemento permanente (agás espectáculos taurinos)

Epígrafe 965.4.- Empresas de espectáculos

ACTIVIDADES PROFESIONAIS:

Agrupación 85. Profesionais relacionados co espectáculo

GRUPO 851. REPRESENTANTES TÉCNICOS DO ESPECTÁCULO.

3.2 Entidades excluídas:

- Fundacións con sede na provincia da Coruña que teñan a consideración de medios propios e instrumentais da administración autonómica ou estatal.
- Corais polifónicas, bandas de música populares, entidades de música e baile tradicional galego e formacións musicais de grande formato da provincia da Coruña, que contan cunha liña específica para o apoio ás súas actividades: a convocatoria FO213.

Base 4. Gastos subvencionables

Conta	Descrición da conta
600	Compras de bens destinados á actividade (material non inventariable)
607	Traballos realizados por outras empresas para o desenvolvemento da actividade
621	Arrendamentos e canons
624	Transportes (só gastos de desprazamentos concertados con terceiros en transporte público ou privado agás os que deban incluírse na conta 629)
625	Primas de seguros (unicamente o importe do seguro correspondente ao período de realización do festival)
627	Publicidade e propaganda
629	Outros servizos (só gastos de viaxe -desprazamentos, manutención ou aloxamento- do persoal da entidade necesarios para a realización da actividade)
640	Soldos e salarios
641	Indemnizacións
642	Seguridade social a cargo da entidade
647	Anticipos dos socios traballadores de cooperativas

Os gastos de persoal propio (contas 640, 641, 642 e 647) non serán subvencionables no caso da modalidade A.

Consideracións con respecto aos gastos subvencionables:

- Todos os gastos subvencionables deberán estar directamente relacionados co desenvolvemento dos festivais na provincia da Coruña.
- Unicamente serán obxecto de axuda os gastos de carácter corrente, en ningún caso bens inventariables.
- Na conta 607 "Traballos realizados por outras empresas" inclúense:
 - Traballos do proxecto encargados a outras empresas
 - Os gastos de manutención ou aloxamento do persoal externo á entidade solicitante necesarios para a realización da actividade.
- Subvencionaranse os arrendamentos e canons, tanto de recintos como de equipos necesarios para a realización do festival, excluído o arrendamento do local social da entidade.
- Respecto dos gastos de transporte, aloxamento e manutención, terán que estar directamente vinculados coa realización das actividades subvencionadas. Deberá

acreditarse esta vinculación na memoria xustificativa, indicando o motivo, persoas e datas. Ademais, no caso dos desprazamentos, deberase indicar a orixe e o destino.

- Para os gastos de persoal correspondentes á actividade subvencionable, deberá aclararse na memoria xustificativa, indicando o detalle da xornada laboral imputada ao proxecto subvencionado e as tarefas levadas a cabo por cada traballador/a ou socio/a.
 - No caso de que a solicitante sexa unha persoa física (autónomos), o único gasto subvencionable serán as cotizacións á Seguridade Social.
 - No caso de socios e administradores suxeitos ao réxime especial de traballadores autónomos, o único gasto subvencionable serán as cotizacións á Seguridade Social.
 - No caso de socios e administradores suxeitos ao réxime xeral da Seguridade Social ou asimilado, admitirase o gasto de persoal (soldos e salarios, e seguridade social) co límite do 60% do orzamento subvencionado que se ha xustificar.
 - No caso de servizos profesionais prestados polas socias e socios baixo unha relación laboral non dependente e que xustifiquen os ditos gastos mediante unha factura para a retribución dos seus servizos, considerárase que concorre o suposto de operacións vinculadas e non poderá superar o 40% do orzamento subvencionado para xustificar.

Gastos excluídos para todas as modalidades:

- Gastos de carácter xeral da entidade (persoal, arrendamentos, canons e outros gastos xerais), salvo naqueles casos nos que se xustifique que os ditos gastos se derivan unicamente da execución da actividade, en cuxo caso terán a consideración de gastos directos; nestes casos, estes gastos deberán especificarse motivadamente na memoria xustificativa.

- Gastos financeiros.

- Gastos protocolarios (agasallos, caterings...).

Base 5. Compatibilidades e exclusións

5.1 Compatibilidades:

As subvencións deste programa son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As subvencións deste programa son incompatibles con outras subvencións da área de

Cultura, excepto cos programas dirixidos a concellos ou entidades locais e cos seguintes programas dirixidos a entidades sen ánimo de lucro:

- FO215: programa de subvencións a fundacións, entidades titulares de museos, centros de interpretación ou bibliotecas e entidades con función de representación sectorial e colectiva das persoas e/ou entidades dos ámbitos profesionais e amadores da cultura galega para realizar actividades culturais durante o ano 2025
- FO203: programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar actividades culturais durante o ano 2025.
- FO204: programa de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para realizar investimentos culturais durante o ano 2025.

5.2 Exclusiones:

Non serán obxecto de subvención nesta convocatoria as seguintes actividades:

- Festivais ou eventos de actividade artística non profesional (festivais de teatro escolar, festivais de teatro amador, festivais de música non profesional, etc.)
- Festivais de carácter profesional cun orzamento inferior a 10.000 €
- Festivais, mostras e encontros de música coral, bandas de música popular e bandas de música e baile tradicional galego.
- Festivais vinculados a festas de interese turístico organizados por Concellos ou entidades locais da provincia.
- Actividades deportivas e de tempo libre, de promoción económica, de servizos sociais e de turismo.
- Actuacións artísticas adxudicadas dentro da Rede Cultural da Deputación.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

Non se admitirá máis dunha solicitude por persoa ou entidade, excepto no caso dos concellos, que poderán presentar ata 2 solicitudes, debendo presentar unha solicitude independente por cada festival.

A forma e prazo da solicitude regúlanse nas bases xerais.

Base 7. Compromisos e obrigas

As entidades beneficiarias deberán cumprir, ademais dos indicados na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias e nas Bases Xerais, os seguintes compromisos e obrigas:

7.1 Recollida de datos desagregados

Recabar datos desagregados por sexo no caso de realizar estudos, estatísticas, enquisas e formularios

7.2 Presentación do festival

As entidades beneficiarias deberán comunicar por escrito á área de Cultura da Deputación da Coruña o acto de presentación do festival, para que esta poida estar representada nel a través da persoa que se designe para este efecto.

7.3 Autorizacións, licenzas e pólizas de seguro

As entidades deberán de contar coas autorizacións, licenzas e pólizas de seguro de responsabilidade civil e outras que sexan esixibles pola normativa vixente, con carácter previo á realización das actividades.

7.4 Difusión do apoio da Deputación

As entidades beneficiarias incluírán en lugar visible o logotipo da Deputación na páxina web do festival (ou no caso de non ter, na páxina web da entidade), e nos soportes de difusión das actividades subvencionadas.

No caso dos festivais audiovisuais, as entidades beneficiarias deberán emitir un clip promocional de apoio á cultura galega realizado pola Deputación da Coruña, que será facilitado pola área de Cultura aos festivais subvencionados.

As obrigas de difusión do apoio da Deputación entenderanse desde a data de concesión ata o pagamento da subvención

7.5 Lingua galega

Todas as actividades e materiais de comunicación, divulgación e desenvolvemento do festival deberán ter como lingua vehicular a lingua galega, sen prexuízo de que tamén poidan incluír outras linguas.

A sinalética, soportes de difusión e todos os contidos divulgativos da entidade e do seu espazo ou sede (web, redes sociais, folletos, cartelería, publicacións...) deben estar en lingua galega, sen que isto exclúa a posibilidade de que tamén estea noutras.

Non se subvencionarán festivais que exclúan a lingua galega en calquera das súas actividades, materiais ou contidos.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1 Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva polo procedemento de concesión provisional e concesión definitiva regulado nas bases xerais destas axudas e será aprobada por resolución da presidencia.

A cantidade que se concederá dependerá da suma agregada dos diferentes criterios e as súas respectivas ponderacións, tendo en conta os límites máximos e mínimos cuantitativos e porcentuais establecidos, así como o redondeo ao céntimo das cantidades resultantes.

Esta cantidade en ningún caso poderá superar os seguintes límites máximos:

- Modalidade A. 60.000 €
- Modalidade B. 45.000 €
- Modalidade C. 30.000 €

8.2 Valoración das solicitudes

Para a valoración das solicitudes nomearase unha comisión técnica, que estará composta por cinco persoas expertas e de recoñecida traxectoria no ámbito cultural obxecto desta convocatoria, que non teñan relación con ningunha das entidades solicitantes nin relación directa cos proxectos que se poidan presentar.

A designación dos membros da comisión técnica realizarase por Resolución de Presidencia, e será pública, a través da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A entidade deberá completar todos os apartados da memoria, para posibilitar a adecuada valoración das solicitudes. Non se terán en conta para o baremo -nin se fará requirimento deles- aqueles aspectos da memoria non acreditados ou non informados debidamente pola entidade solicitante.

No caso de contradición entre a memoria e os datos completados na solicitude prevalecerán os datos contidos na memoria.

8.2.A) **VALORACIÓN DIRECTA DE DATOS: ata 25 puntos**

Valoraranse os seguintes aspectos:

- **Coeficiente de financiamento derivado da solicitude**, ata 10 puntos.
 - Entre 45% e 69,99%, 4 puntos
 - Entre 30% e 44,99%, 6 puntos
 - Entre 15% e 29,99%, 8 puntos
 - Entre 0% e 14,99%, 10 puntos.
- **Soportes de difusión**, ata 5 puntos.
 - O festival conta con perfís propios en redes sociais, actualizados e en lingua galega: un punto por rede social, ata un máximo de 2 puntos
 - O festival conta con páxina web propia, actualizada e en lingua galega, 1 puntos
 - A páxina web do festival ten o dominio (.gal) como dominio principal, 1 punto
 - O festival elabora contidos divulgativos en formato audiovisual, 1 puntos
- **Colaboración socio-cultural e impacto no territorio**, ata 10 puntos.

- O festival conta coa colaboración de entidades sen ánimo de lucro, para a edición do festival obxecto de subvención. 1 punto por entidade, ata un máximo de 5 puntos.
- O festival conta coa colaboración de entidades con ánimo de lucro ou públicas do concello onde vai desenvolverse o festival, para a edición do festival obxecto de subvención. 0,50 puntos por entidade, ata un máximo de 2 puntos.
- O festival conta coa colaboración doutros festivais, para a edición do festival obxecto de subvención:
 - Festivais galegos, 0,50 punto por festival, ata un máximo de 1 punto.
 - Festivais de fóra de Galicia, 1 punto por festival, ata un máximo de 2 puntos.

Para a valoración deste apartado será precisa a presentación de cartas de colaboración asinadas polas entidades colaboradoras na que se explique o contido desta.

Non se contabilizará a mesma entidade colaboradora en diferentes apartados.

8.2.b). VALORACIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA: ata 75 puntos, a través de informe *da Comisión de Valoración Técnica*, no que se teñen en conta os seguintes aspectos:

- Traxectoria, relevancia e singularidade do festival dentro do sistema cultural galego. Terase en conta a natureza do festival, a súa incidencia social e cultural, o impacto no panorama cultural galego e a súa singularidade, diferenciación e especialización en relación ao resto de festivais. Ata 25 puntos.
- Interese da programación do festival. Valorarase o interese artístico e a calidade da proposta de programación do festival, tendo en conta tanto os aspectos artísticos como as actividades socioculturais que se desenvolven. Ata 25 puntos.
- Compromiso do festival coa creatividade galega. Valorarase o apoio que realiza o festival aos creadores e creadoras galegas e á visibilización e posta en valor da nosa cultura e lingua. Ata 10 puntos.
- Modelo de xestión. Valorarase os aspectos organizativos do festival (dirección artística, dirección executiva, equipos de produción e de comunicación, etc) a través da análise da memoria que presenta o festival neste sentido e da súa adecuación á natureza do evento. Terase en conta o grao de detalle da memoria que se presente: organigrama, persoal fixo do festival, servizos contratados, etc. Ata 5 puntos.
- Compromiso coa sustentabilidade ambiental, social e socioeconómica. Valorarase o plan de sustentabilidade do festival, realizado conforme aos elementos indicados nestas bases. Ata 5 puntos.
- Producción de contidos. Valorarase se o festival produce contidos propios (libros, discos, pezas escénicas ou audiovisuais...) de carácter creativo (non publicitario).

Indicarase cales, trasladando toda a información pertinente para a valoración do seu interese, calidade e singularidade. Ata 5 puntos.

8.3 Causas de exclusión

Quedarán excluídas as solicitudes que non acaden un mínimo de 40 puntos no conxunto da valoración.

A comisión de valoración poderá propoñer a exclusión directa de solicitudes, de forma argumentada e por unanimidade, caso de identificar unha inadecuación da solicitude presentada á finalidade, requisitos e obxecto desta convocatoria. Do mesmo xeito, poderá facelo se identifica contidos de carácter discriminatorio ou vexatorio contra persoas ou colectivos.

Base 9. Xustificación e pago

A xustificación poderá presentarse a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión definitiva das subvencións no BOP. O prazo para a xustificación das subvencións rematará o día 31 de marzo de 2026, ás 14:00 horas.

Base 10.- Incumprimentos e sancións

Será de aplicación o disposto nas Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña e na Ordenanza Xeral de Subvencións e Transferencias.

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

A) DECLARACIÓNS

Declaracións comúns a todas as modalidades:

- A entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes na lexislación vixente en materia de subvencións, nas bases reguladoras da presente convocatoria e na ordenanza xeral de subvenciones e transferencias da Deputación Provincial da Coruña, e no caso de resultar beneficiaria da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fehaciente o seu cumprimento no caso de ser requirida pola Deputación.

- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.
- A entidade que represento comprométese a dar cumprimento as obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- A entidade que represento comprométese á obtención de autorizacións, licenzas e pólizas de seguro de responsabilidade civil e outras que sexan esixibles pola normativa vixente para a realización das actividades.
- A entidade que represento declara que as actividades obxecto da subvención realizaranse no ámbito territorial da provincia da Coruña.
- Declaro coñecer a seguinte información en materia de protección de datos: Os datos persoais facilitados nas solicitudes serán tratados pola Deputación da Coruña co fin de levar a cabo a tramitación administrativa do programa correspondente.

A lexitimación para o tratamento dos datos persoais baséase no cumprimento dunha misión de interese público. No caso de que a Deputación utilice imaxes de persoas físicas para promocionar a súa actividade subvencional contará co consentimento das persoas afectadas e será este a base lexitimadora dese tratamento.

Os datos poderán ser comunicados ás Administracións públicas para o exercicio das súas competencias e serán conservados de acordo co establecido na normativa de arquivo.

As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común. Así mesmo se consideran que o tratamento incumpre co establecido no Regulamento Xeral de Protección de Datos poden reclamar perante a Axencia Española de Protección de Datos.

As persoas interesadas poden consultar máis información relacionada coa protección de datos na Política de Privacidade da Deputación ou dirixindo un correo a delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal.

Declaracións específicas das Modalidades B e C:

- A entidade que represento está legalmente constituída antes da presentación da solicitude e dispón dos estatutos ou escritura adaptada á lei vixente. Asemade, o seu

obxecto a faculta para a participación nesta convocatoria.

- Declaro que nin eu nin a entidade á que represento estamos incursos/as en ningunha das prohibicións previstas no art. 10 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, do 13 de xuño para ser beneficiarias ou percibir subvencións da administración pública.
- A entidade que represento comprométese a solicitar tres orzamentos de distintos provedores, no caso de que contrate cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000 € (IVE excluído) pola prestación dun servizo, e de que seleccionará un deles de xeito motivado, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Declaración específica da Modalidade C:

- No caso de que a solicitante sexa unha persoa física, declaro que a persoa solicitante non forma parte dunha sociedade que solicite outra subvención na mesma convocatoria e viceversa.

DOCUMENTACIÓN

Documentación común a todas as modalidades:

- Memoria da solicitude.
- Dossier de prensa dos tres últimos festivais inmediatamente anteriores á edición que se presenta á subvención.
- No caso de que algunha das actividades que execute a entidade solicitante implique o contacto habitual con menores de idade, certificación de que comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como trata de seres humanos. Igualmente, para o persoal que se incorpore con posterioridade ás actividades subvencionadas, compromiso de facer a comprobación a que se refire este apartado. No caso de que a realización das actividades non implique o contacto habitual con menores de idade, deberán achegar unha certificación da entidade neste senso.
- Plan de sustentabilidade do festival, vinculado aos obxectivos da Axenda 2030
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

Documentación específica da Modalidade A:

- Certificación acreditativa do acordo de solicitude
- Acreditación da delegación da Alcaldía/Presidencia, no seu caso.

Documentación específica das Modalidades B e C:

- No caso de que a entidade solicitante concerte a execución total ou parcial da actividade ou proxecto subvencionado con persoas físicas ou xurídicas vinculadas á entidade: Solicitud de autorización segundo o disposto no artigo 29.7.d, da Lei xeral de subvencións e artigo 68 do Regulamento desta lei aprobado por RD 887/2006, do 21 de xullo.
- Declaración das axudas públicas en réxime de mínimos concedidas ou solicitadas nos anos 2022, 2023, 2024 e 2025.

Documentación específica da Modalidade B:

- Certificación do acordo de solicitude, de representación, delegación, cargos da entidade e, no seu caso, número de persoas asociadas.
- Estatutos da entidade adaptados á lexislación vixente nos que conste a inscrición no rexistro público correspondente.

Documentación específica da Modalidade C:

- Autorización de representación para a presentación da solicitude no caso de non coincidir coa persoa solicitante.
- Certificado de Situación Censual da Axencia Estatal Tributaria actualizado.
- Declaración responsable da valoración de horas que motiven a previsión de nóminas e gastos de seguridade social directa e exclusivamente asociados a este proxecto.
- No caso de persoas físicas:
 - Certificado de Vida laboral ou certificado da mutualidade correspondente onde conste a data de alta no RETA ou alta na mutualidade
- No caso de persoas xurídicas:
 - Escritura de constitución da entidade e as súas modificacións ou variacións posteriores (se as houberse), ou calquera outro documento análogo no que figuren os estatutos, estipulacións ou contratos privados, así como a inscrición no rexistro público correspondente (no caso de estar obrigados), a excepción das sociedades civís nas que se determinará atendendo á data que conste no documento de constitución das mesmas.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO II - Documentación xustificación

A) DECLARACIÓN

Declaracións comúns a todas as modalidades:

- A entidade que represento deu cumprimento ás obrigas de difusión do apoio da Deputación establecidas nas bases específicas.
- A entidade que represento non ten pendente de xustificación ningunha cantidade

anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.

- A entidade que represento contou coas autorizacións, licenzas e pólizas de seguro de responsabilidade civil e outras que sexan esixibles pola normativa vixente para a realización das actividades.
- No caso en que os gastos subvencionables non acaden o importe mínimo a xustificar, ou se aplique algunha das reducións contempladas nas bases ou no caso en que a achega provincial, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos gastos executados: A entidade que represento renuncia á parte da achega provincial non xustificada. A xustificación insuficiente poderá dar lugar ao reintegro das cantidades anticipadas.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consente en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).

B) DOCUMENTACIÓN

Documentación común a todas as modalidades:

- Memoria xustificativa.
- Relación clasificada dos gastos realizados, que se xerará da plataforma SUBTEL logo de ter completada na mesma a "Relación de gastos" cos datos dos xustificantes de gasto.

Para as subvencións por importe de 60.000,00 €, deberá incorporar as facturas ou documentos equivalentes incluídos na relación clasificada de gastos.

- Relación detallada de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para a mesma finalidade, con indicación do seu importe e procedencia, así coma dos propios ingresos que xere a actividade subvencionada ou, pola contra, manifestación de que non se obtiveron outros ingresos para a mesma finalidade.
- No caso de que algunha das actividades executadas pola entidade implicara o contacto habitual con menores, certificación de que se comprobou que o persoal ao seu cargo non foi condenado por sentenza firme por ningún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos (de acordo coa Lei orgánica 1/1996, de protección xurídica do menor, de modificación do Código civil e da Lei de axuízamento civil) ou, pola contra, certificación de que non se executaron este tipo de actividades.
- Proba documental dos medios polos que se lle deu difusión á subvención concedida

e do uso da lingua galega.

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.

Documentación adicional no caso de que a entidade non estea dada de alta na base de datos de terceiros da Deputación provincial da Coruña ou teña intención de designar unha nova conta bancaria:

- Designación de conta bancaria da entidade no modelo aprobado pola Deputación da Coruña, asinado co certificado de representación da entidade.
- Certificado acreditativo da titularidade da conta, emitido e asinado electronicamente pola entidade bancaria correspondente ou asinado co certificado de representación da entidade solicitante.

Documentación específica das Modalidades B e C:

- Declaración da entidade indicando se está ou non exenta do IVE e se está suxeita á regra de rateo a porcentaxe deducible, xa que só poderá terse en conta o cargo co dito imposto cando sexa soportado pola entidade e na porcentaxe que non fora deducible.

No caso de que contratase cun mesmo provedor un gasto superior a 15.000 € (IVE excluído) pola prestación dun servizo: Copia dos tres orzamentos solicitados e motivación da contratación da empresa seleccionada no caso de que non sexa a máis económica.

A entidade deberá presentar a documentación esixida segundo os modelos que figuran na plataforma Subtel.

ANEXO - EXTRACTO DA CONVOCATORIA

GALEGO

Primeiro. Beneficiarios

Serán beneficiarias as seguintes entidades organizadoras de festivais na provincia da Coruña: Modalidade A. Concellos e outras entidades locais da provincia da Coruña Modalidade B. Entidades sen ánimo de lucro domiciliadas en Galicia Modalidade C. Persoas físicas ou xurídicas, constituídas como entidades lucrativas, establecidas nun estado membro da Unión Europea

Segundo. Obxecto

Será obxecto deste programa o apoio ao desenvolvemento de festivais na provincia da Coruña.

Terceiro. Bases reguladoras

A presente convocatoria rexerase polas Bases reguladoras publicadas no BOP.

Cuarto. Contía

O importe da consignación ascende a un total de 1.410.000 €, con cargo ás seguintes partidas do Orzamento ordinario para 2025. Modalidade A. 0612/3343/46201 Modalidade B. 0612/3343/481 Modalidade C. 0612/3343/479 As axudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 5.000 € e un máximo de 60.000 €.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de solicitude iniciárase ás 08:00 horas do día 25 de marzo de 2025, e finalizará ás 14:00 horas do día 25 de abril de 2025, tendo en conta que, tanto as solicitudes coma o resto da tramitación do programa, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña.

Sexto. Outros datos de interese

Tanto as solicitudes como o resto da tramitación da presente convocatoria, realizarase por vía telemática a través da plataforma SUBTEL, accesible dende a sede electrónica da Deputación Provincial da Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>

CASTELLANO

Primero. Beneficiarios

Serán beneficiarias las siguientes entidades organizadoras de festivales en la provincia de A Coruña: Modalidad A. Ayuntamientos y otras entidades locales de la provincia de A Coruña Modalidad B. Entidades sin ánimo de lucro domiciliadas en Galicia Modalidad C. Personas físicas o jurídicas, constituidas como entidades lucrativas, establecidas en un estado miembro de la Unión Europea

Segundo. Objeto

Será objeto de este programa el apoyo al desarrollo de festivales en la provincia de A Coruña.

Tercero. Bases reguladoras

La presente convocatoria se regirá por las Bases reguladoras publicadas en el BOP.

Cuarto. Cuantía

El importe de la consignación asciende a un total de 1.410.000 €, con cargo a las siguientes partidas del Presupuesto ordinario para 2025. Modalidad A. 0612/3343/46201 Modalidad B. 0612/3343/481 Modalidad C. 0612/3343/479 Las ayudas a conceder oscilarán entre un mínimo de 5.000 € y un máximo de 60.000 €.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes

El plazo de solicitud se iniciará a las 08:00 horas del día 25 de marzo de 2025, y finalizará a las 14:00 horas del día 25 de abril de 2025, toda vez que, tanto las solicitudes como el resto de la tramitación del programa, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación provincial de A Coruña.

Sexto. Otros datos de interés

Tanto las solicitudes como el resto de la tramitación de la presente convocatoria, se realizará por vía telemática a través de la plataforma SUBTEL, accesible desde la sede electrónica de la Diputación Provincial de A Coruña <https://sede.dacoruna.gal/>